

Castelao e “Sempre en Galiza” protagonizan un roteiro literario este sábado na Coruña, conducido por Pilar García Negro

26 Xuño 2025

<https://obarbanza.gal/2025/06/castelao-e-sempre-en-galiza-protagonizan-un-roteiro-literario-este-sabado-na-coruna-conducido-por-pilar-garcia-negro/>

The poster is divided into several colored sections. The top left is a large red rectangle with the text 'Roteiro Sempre en Galiza. Sempre con Castelao' in white. To its right is a yellow rectangle with 'CON PILAR GARCÍA NEGRO' in black. Below the yellow rectangle is a white rectangle with 'SÁBADO 28 XUÑO' and '12.00 HORAS' in black. Below the red rectangle is a blue rectangle with 'Punto de partida: Xardíns dos Cantóns, diante do busto dedicado a Castelao' in white. To the right of the blue rectangle is a small white rectangle with the logo of 'asociación de ESCRITORES en lingua galega' and the website 'www.aelg.gal'. At the bottom is a black rounded rectangle with the logo of 'Concello da Coruña' in white.

Roteiro
Sempre en
Galiza.
Sempre con
Castelao

CON
PILAR
GARCÍA NEGRO

SÁBADO
28 XUÑO
12.00 HORAS

Punto de partida:
Xardíns dos Cantóns,
diante do busto
dedicado a Castelao

asociación de
ESCRITORES
en lingua galega
www.aelg.gal

Concello da Coruña

Este 28 de xuño, sábado, vaise celebrar na Coruña unha iniciativa da Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega (AELG) para dar a coñecer unha das obras capitais do escritor rianxeiro Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Trátase do roteiro Sempre en Galiza. Sempre con Castelao, impartido e conducido por Pilar García Negro. A iniciativa, desenvolvida co apoio do Concello da Coruña, busca “dar a coñecer as cidades e vilas do país da man das nosas escritoras e escritores, que exercen de guías tomando como base obras propias ou alleas vinculadas a eses espazos”. Deste xeito, posibilitase que a cidadanía goce persoalmente dos espazos físicos na súa relación coa memoria literaria.

O roteiro literario *Sempre en Galiza. Sempre con Castelao*, guiado por [Pilar García Negro](#), xirará arredor dos seguintes eixos:

- Tempo vital e histórico de Castelao.
- Artista, escritor, político nacionalista, patriota galego.
- Exilio e obra derradeira. *Sempre en Galiza*.

Terá lugar o sábado 28 de xuño, a partir das 12:00 horas, na cidade da Coruña. O punto de saída é: xardíns dos Cantóns, diante do [busto dedicado a Castelao](#). Non é necesaria inscrición previa.

Pilar García Negro (ficha da Galipedia)

María del Pilar García Negro, nada en Lugo o 9 de outubro de 1953, é unha política, escritora, sociolingüista e profesora galega. Estudou filoloxía hispánica e filoloxía galega na Universidade de Santiago de Compostela, doutorándose en 1991.

Foi profesora de lingua española no Instituto Eusebio da Guarda da Coruña entre 1976 e 1985 e na Sardiñeira entre 1985 e 1990. Deu sempre as clases en galego, o que lle valeu a apertura dun expediente sancionador en 1983. Dende 1991 é profesora da Universidade da Coruña, sendo profesora titular desde 1995 no Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística.

Publicou a sección *O idioma* no semanario *A Nosa Terra* entre marzo de 1978 e agosto de 1979, seguíndolle *Leccións de Literatura e de Lingua* con Xosé María Dobarro de 1979 a 1980.

Pilar García Negro interveu en numerosos congresos nacionais e internacionais sobre sociolingüística, linguas europeas non normalizadas, literatura galega e feminismo, e publicou edicións e estudos sobre Rosalía de Castro, Valentín Lamas Carvajal, Pardo Bazán, Castelao, Xesús San Luís Romero, Ramón Villar Ponte, Eduardo Blanco Amor, Ricardo Carvalho Calero, Jenaro Marínhas del Valle, Manuel María, María Xosé Queizán, Lois Diéguez, Marica Campo ou Pilar Pallarés.

Foi presidenta da Asociación Cultural Alexandre Bóveda da Coruña (1983-1988). É membro do Consello de redacción de *Altres nacions*, da Revista de Filoloxía da Universidade da Coruña e da revista *Terra e Tempo*. Colaboradora da AS-PG, AELG e Mesa pola Normalización Lingüística. Desde 2004 é a directora-xerente da Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas.